

Declaración institucional en defensa da frota pesqueira galega fronte ao novo regulamento imposto pola Comisión Europea

A Deputación Provincial da Coruña declara o seu firme rexeitamento á arbitraria aprobación do regulamento da UE 2022/1614 da Comisión Europea do 15 de setembro de 2022, polo que se impón o peche ás artes de fondo, o próximo 9 de outubro en 87 zonas consideradas vulnerables en Irlanda e o golfo de Cádiz, e que ten un enorme impacto económico no sector pesqueiro do noso país.

A Deputación provincial da Coruña manifesta o seu apoio ao sector pesqueiro de artes de fondo e súmase ao manifesto asinado polo Consello Galego de Pesca.

Con base no anterior esta corporación local insta:

Ao Goberno Central a:

- 1.- Que manteña o rexeitamento público aos ataques que o sector de arrastre de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.
- 2.- Que defenda a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e da economía marítima europea.
- 3.- Que reitere ao comisario de Medio Ambiente que teña en conta as opinións do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total da frota pesqueira europea.

Á Xunta de Galicia a:

- a.- Apoiar tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta contra o regulamento citado.
- b.- Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar á Comisión Europea que rectifique e anule ou suspenda o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, do 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e establécese unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano.